

EDITORIAL GALAXIA, S. A.

Reconquista, 1 - Teléfono 218204

VIGO -22-xaneiro-1974

Sr. D. Luís Seoane
V i g o

Meu querido amigo:

Acabo de recibir as túas liñas do día 15 dos correntes, precisamente cando acababa de me despedir de Alberto Vilanova despóis de xantar xuntos.

Impresionóume moito a nova do pasamento de Falcinó, e, sobre todo, do Dr. Scheimberg, a quen tanto estimaba.

Tamén por aquí as mortes sucédense. Finóuse, como saberás, Don Xesús Carro. Aos poucos días, Augusto Casas en Barcelona. Tamén morréu no Hospital de Vigo Urbano LUGRÍS. E nun Hotel da Guardia, onde pasaba as Navidades, José Suárez.

Como ves, os vellos amigos vanse indo. A desaparición de algúns deles produciúme verdadeira anguria.

O núm. 40 de "Grial" mandóuseche a Buenos Aires cando se publicóu, como puiden comprobar pola relación de envíos de Galaxia. Conócese que se extravióu. De todos xeitos, antes remesámosche un novo exemplar. Non sei que pasa cos correos. Como agora a maioría dos barcos non tocan no porto de Vigo, os retrasos que se producen son moi grandes.

Garimosos saúdos a Maruxa, de Evely pra os dous e pra ti a forte aperta de sempre, de

